

**Disposición derradeira segunda. *Carácter supletorio.***

Excepto naqueles preceptos que teñen rango de lei orgánica, esta lei ten carácter supletorio respecto de calquera outra que regule tipos específicos de asociacións, ou que incidan no ámbito do dereito de asociación recoñecido no artigo 22 da Constitución, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas.

**Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento.***

Facúltase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta lei.

**Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.***

Esta lei orgánica entrará en vigor ós dous meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Palma de Mallorca, 22 de marzo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno  
en funcións,  
MARIANO RAJOY BREY

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**5857** *REAL DECRETO 286/2002, do 22 de marzo, polo que se regula a axuda á produción de aceite de oliva. («BOE» 73, do 26-3-2002.)*

O Regulamento 136/66/CEE do Consello, do 22 de setembro, polo que se establece unha organización común de mercados no sector das materias graxas, prevé, no seu artigo 5, a concesión dunha axuda á produción de aceite de oliva.

O Regulamento (CEE) 2261/84 do Consello, do 17 de xullo, establece as normas xerais relativas á concesión da axuda á produción de aceite de oliva e ás organizacións de produtores. As peculiaridades do control da axuda establécense no Regulamento (CEE) 2262/84 do Consello, do 17 de xullo, polo que se prevén as medidas especiais no sector do aceite de oliva, e no Regulamento (CEE) 27/85 da Comisión, do 4 de xaneiro, polo que se establecen as modalidades de aplicación do Regulamento (CEE) 2262/84, polo que se prevén as medidas especiais no sector do aceite de oliva.

O Regulamento (CE) 1638/98 do Consello, do 20 de xullo, que modificou o Regulamento 136/66/CEE, introduciu cambios profundos na organización común de mercados das materias graxas. O Regulamento (CE) 1513/2001 modificou os regulamentos 136/66/CEE e 1638/98 no que respecta á prolongación do réxime de axudas. En adecuación á nova normativa comunitaria, procede dictar unha nova disposición que regule a axuda á produción.

O Regulamento (CEE) 2261/84 establece a obriga de presentar unha declaración de cultivo, polo que con-

vén precisar certas nocións e determina-los datos que deberá comunica-lo produtor. Consonte o artigo 14 do citado regulamento aplícase un réxime de control, polo que as solicitudes de axuda presentadas polos interesados deben incluí-los datos necesarios para a realización dos controis.

Estableceuse no artigo 4 do Regulamento (CE) 1638/98 a exclusión de calquera futuro réxime de axuda partir de novembro de 2001 das oliveiras plantadas despois do 1 de maio do 1998, con determinadas excepcións; así mesmo, establécese a reorientación dos traballos do Rexistro Oleícola cara á constitución, actualización e utilización dun sistema de información xeográfica que debe permitir comproba-los datos que figuran nas declaracións de cultivo.

O Regulamento (CE) 2366/98 da Comisión, do 30 de outubro, polo que se establecen disposicións de aplicación do réxime de axuda á produción de aceite de oliva para as campañas de comercialización 1998/1999 a 2003/2004 establece, entre outros aspectos, as condicións para a autorización de muíños de aceite que permitan garanti-la eficacia do réxime de controis, determinando as obrigas para os oleicultores, así como para as agrupacións de produtores e as súas unións.

O Real decreto 368/1999, do 5 de marzo, polo que se regula a axuda á produción de aceite de oliva para as campañas 1998-1999 a 2000-2001 tivo en consideración os regulamentos 1638/98 e 2366/98, que foron modificados polos regulamentos 1273/1999, 648/2001, 1513/2001 e 2070/2001, polo que procede substituí-lo Real decreto 368/1999 a partir da campaña oleícola 2001/2002 por este, que recolle as modificacións introducidas.

Sen prexuízo da aplicabilidade directa dos regulamentos comunitarios e para unha mellor comprensión por parte dos interesados, considérase conveniente reproducir parcialmente algúns aspectos da regulamentación comunitaria.

Este real decreto foi consultado en fase de proxecto cos sectores afectados e coas comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta do Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de marzo de 2002,

### DISPÓN O:

#### Artigo 1. *Obxecto e definicións.*

1. Este real decreto establece os criterios básicos de aplicación do réxime de axuda á produción de aceite de oliva previsto no artigo 5 do Regulamento 136/66/CEE do Consello, do 22 de setembro, polo que se establece a organización común de mercados no sector das materias graxas, e no Regulamento (CE) 2366/98 da Comisión, do 30 de outubro, polo que se establecen disposicións de aplicación do réxime de axuda á produción de aceite de oliva para as campañas de comercialización 1998/1999 a 2003/2004, a partir da campaña 2001/2002.

2. Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

a) «Oliveira en produción»: a oliveira dunha especie clasificada como cultivada, implantada de forma permanente, calquera que sexa a súa idade e estado, podendo ter varios troncos distantes na base uns doutros menos de dous metros.

b) «Parcela oleícola»: superficie continua de terreo superior a 10 áreas que agrupe oliveiras en produción nun mesmo sistema de explotación, tódalas cales están a menos de 20 metros da oliveira máis próxima.

c) «Oliveiras diseminadas»: oliveiras en produción que non reúnan as condicións necesarias para seren agrupadas nunha parcela oleícola.

d) «Superficie oleícola»: a superficie dunha parcela oleícola, ou para cada oliveira diseminada unha superficie dunha área.

e) «Titular de explotación e explotación»: as nocións definidas para o sistema integrado establecido no punto 4 do artigo 1 do Regulamento (CEE) 3508/92 do Consello, do 27 de novembro.

f) «Autoridade competente»: o órgano competente da comunidade autónoma no territorio da cal se encontran situadas as oliveiras no referente ós capítulos I e III, e onde se encontre o muíño de aceite no referente ó capítulo II.

## CAPÍTULO I

### Declaracións de cultivo

#### Artigo 2. *Declaracións de cultivo.*

1. Para poder acollerse ó réxime de axudas á produción de aceite de oliva, os oleicultores —incluídos os olivicultores— deberán presentar unha declaración de cultivo desagregada por termos municipais onde haxa oliveirais da súa explotación, correspondente ás oliveiras en produción e á situación dos oliveirais que exploten a 1 de novembro da campaña con respecto á cal se faga a declaración. Este modelo de declaración de cultivo poderá ser determinado polo órgano competente da comunidade autónoma, e deberá conter, polo menos, os datos que figuran no anexo I, e responder á estrutura e contido regulados na Orde do 11 de maio de 2001 sobre a estrutura e funcionamento do Fichero Oleícola Informatizado (FOI) Español no seu anexo I que permitan a súa integración nel.

2. As declaracións de cultivo que se presenten deberán consignar as referencias de identificación das parcelas catastrais que figuren na base gráfica do Sistema de Información Xeográfica (SIX) Oleícola, así como o número de oliveiras que en cada parcela catastral figura na devandita base gráfica.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través do Comité Permanente para a Xestión e o Mantemento do Fichero Oleícola Informatizado e o Sistema de Información Xeográfica Oleícola español (en diante, Comité Permanente), por proposta das comunidades autónomas e coa colaboración das organizacións de produtores recoñecidas, determinará os municipios e os casos nos que as declaracións poderán reflectir outras referencias de identificación das parcelas catastrais distintas ás anteriores, en función das circunstancias concretas que concorran en cada caso. Se se tratase de parcelas urbanas ou no caso de non existilo SIX, deberá presentarse un esbozo de situación realizado sobre plano a escala 1/10.000.

O devandito Comité Permanente adoptará as medidas necesarias para a actualización periódica da base gráfica do SIX Oleícola nos municipios nos que se produzan renovacións do Catastro de Rústica.

3. Nos casos en que, tendo presentada declaración de cultivo en campañas anteriores, e estas sexan conformes coa base gráfica do SIX Oleícola, non se producen cambios nela, abondará con manifestalo na solicitude de axuda, sinalando os termos municipais en que se produza tal circunstancia.

Se se produciron cambios de calquera tipo nos datos da declaración, deberá presentarse unha nova declaración que substitúa na súa totalidade a anterior.

No caso de que se presente unha declaración de cultivo xa sexa por primeira vez ou substitutiva doutra, que

conteña incorporacións de novas parcelas, deberá ir acompañada dos documentos que o xustifiquen; en particular, da declaración de baixa ou substitutiva, segundo o caso, cando as parcelas afectadas estean declaradas na campaña anterior.

Cando os oliveirais que fosen obxecto de explotación e declaración de cultivo deixen de selo totalmente por un produtor para a campaña en curso, este deberá presentar un documento de baixa da declaración de cultivo.

Es caso de que non se produza un abandono total do cultivo das oliveiras, o produtor deberá presentar unha declaración de cultivo que substitúa a anterior e en ningún caso presentar unha baixa.

4. As autoridades competentes responsables da xestión da axuda ó aceite de oliva e as organizacións de produtores recoñecidas comprobarán que as declaracións de cultivo son conformes co SIX Oleícola, reflectindo tal circunstancia na propia declaración de cultivo. No suposto de ser discordante, o oleicultor deberá xustificalo, no prazo de dous meses, presentando as observacións e propostas que estime pertinentes cos datos e documentos necesarios para a modificación ou adaptación deles á base gráfica do SIX Oleícola, segundo o establecido na Orde do 13 de xuño de 2001 pola que se dictan normas para o proceso de verificación e constitución do SIX Oleícola.

Transcorrido o prazo sinalado no parágrafo anterior, a autoridade competente procederá de acordo co establecido no punto 2 e seguintes do artigo 25 do Regulamento (CE) 2366/98.

5. No caso de que o oleicultor presentase a declaración previa de intención de plantar a que se refire o artigo 5, deberá constar a devandita circunstancia na declaración de cultivo, con indicación do número e identificación das oliveiras en produción arrincadas que, se é o caso, se substitúen.

#### Artigo 3. *Modificacións da base gráfica do SIX.*

Os oleicultores proporán as modificacións que estimen pertinentes á base gráfica do SIX oleícola das parcelas que declarasen. As alegacións efectuaranse a través das autoridades competentes se é un oleicultor non asociado ou das organizacións de produtores recoñecidas da que sexa membro.

Do mesmo modo, as autoridades competentes e a Axencia para o Aceite de Oliva, responsables dos controis da axuda ó aceite de oliva, trasladaranlle ó Comité Permanente as propostas de modificacións á base gráfica do SIX Oleícola que se deriven das súas actuacións de control, así como as iniciativas e propostas que estimen pertinentes para a continua actualización e mellora da devandita base gráfica do SIX Oleícola.

#### Artigo 4. *Presentación das declaracións de cultivo.*

1. O oleicultor membro dunha organización de produtores recoñecida entregarálle a esta a súa declaración. O oleicultor non asociado presentará directamente ante a autoridade competente. En ámbolos casos, as organizacións de produtores recoñecidas e a autoridade competente comprobarán a correspondencia entre o SIX e as declaracións de cultivo, de acordo co disposto no artigo 2.

A organización de produtores recoñecida integrada nunha unión recoñecida trasladarálle a esta as declaracións dos seus membros. A organización de produtores non integrada nunha unión presentará ante a autoridade competente.

A Unión de Organizacións de Produtores Recoñecida presentará as declaracións dos membros de cada unha

das súas organizacións ante as autoridades competentes respectivas.

2. A declaración de cultivo deberá incluír, se é o caso, a copia documental da declaración de intención de plantar e a copia da resolución da comunidade autónoma que se detalla no artigo 5 e será presentada dentro dos seguintes prazos:

a) Para o oleicultor, desde o 1 de outubro da campaña precedente ata o 30 de novembro da campaña en curso.

b) Para a unión de organizacións recoñecida ou organización de produtores recoñecida non integrada nunha unión, ata o 31 de decembro da campaña a que se refire.

#### Artigo 5. *Declaracións previas de intención de plantar.*

1. Tódolos oleicultores con intención de plantar presentarán unha declaración previa á comunidade autónoma, que establecerá o modelo de declaración no que figuren polo menos os datos do anexo II e na que se indique o número de oliveiras que se prevexa plantar e a localización delas e, se é o caso, o número de oliveiras que se vaia arrincar e a localización delas ou o número de oliveiras arrincadas e non substituídas despois do 1 de maio do 1998.

Como moi tarde, ó final do segundo mes seguinte ó de presentación da declaración sinalada, a comunidade autónoma precisarlle ó interesado:

a) Se as plantacións previstas son plantacións de substitución de oliveiras arrincadas e, por conseguinte, non se consideran plantacións de oliveiras adicionais.

b) Se as plantacións previstas son plantacións de oliveiras adicionais que non poden dar dereito á axuda despois do 31 de outubro de 2001.

2. As comunidades autónomas terán en conta cando autoricen novas plantacións:

a) Que por cada oliveira en produción arrincada, segundo a definición do artigo 1, punto 2, só poderá autorizala replantación dunha oliveira, independentemente dos troncos que teña.

b) Que, no caso de plantacións en espaldeira, se tomará o criterio de dividi-la lonxitude total da liña entre 2 metros e considerar cada intervalo como unha oliveira.

3. As comunidades autónomas comunicaranlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, dentro dos dez días seguintes á entrada en vigor deste real decreto, o número de oliveiras das campañas do 1998/1999 e 1999/2000 con respecto ós cales:

a) Se presentase unha declaración de intención de plantar.

b) Se se trata de plantacións de substitución de oliveiras arrincadas.

c) Se se trata de plantacións adicionais que non poden dar dereito á axuda despois do 31 de outubro de 2001.

4. As comunidades autónomas comunicaranlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación antes do 1 de outubro de cada ano o número de oliveiras da campaña precedente con respecto ás cales considerasen que:

a) Se presentase unha declaración de intención de plantar.

b) Se trata de plantacións de substitución de oliveiras arrincadas e

c) Se trata de plantacións adicionais que non poden dar dereito á axuda despois do 31 de outubro de 2001.

## CAPÍTULO II

### Muíños de aceite autorizados

#### Artigo 6. *Requisitos para a autorización de muíños de aceite.*

1. Todo muíño de aceite que leve a cabo actividades no marco do réxime de axuda á produción de aceite de oliva deberá te-la condición de autorizado a teor do disposto no Regulamento (CE) 2366/98.

2. Para autorizar novos muíños de aceite, estes deberán presentar unha solicitude ante o órgano competente da comunidade autónoma en que radique a instalación. A comunidade autónoma establecerá o modelo de solicitude no que, polo menos, figuren os datos do anexo III. Á vista dos datos consignados na ficha de inscrición do correspondente rexistro de industrias agrarias ou equivalente, o órgano competente concederá unha autorización provisional, que caducará ó final da campaña durante a cal se concedese.

De conformidade co establecido no punto 3 do artigo 13 do Regulamento (CEE) 2261/84, a autorización provisional converterase en definitiva trala verificación sobre o terreo, polo órgano competente da comunidade autónoma, dos datos consignados na solicitude.

3. Os muíños de aceite que produciñen máis de vinte toneladas de aceite durante a campaña anterior, deberán contar cun sistema automático para pesa-las olivas e rexistra-los pesos, así como un contador eléctrico específico para as instalacións de trituración.

Para estes efectos, considerarase que os muíños dispoñen dun sistema automático para pesa-las olivas e rexistra-los pesos se a báscula está provista dun cabezal electrónico con rexistro automático de pesos e de emisión de tickets; así como que contan cun contador eléctrico específico se este rexistra o consumo de electricidade que se produza exclusivamente no muíño de aceite e, se é o caso, o doutras actividades distintas, sempre que non teñan relevancia no gasto xeral de electricidade do muíño.

4. A cualificación de autorizada habilita o muíño para expedilo certificado de entrada e moenda de olivas, o modelo do cal será determinado pola comunidade autónoma e deberá conter, polo menos, os datos que figuran no anexo IV. Este certificado deberá ser expedido nun prazo máximo dun mes despois da finalización da campaña de moenda. O titular ou o representante legal do muíño asinará un só certificado por oleicultor e campaña, en tres exemplares: un orixinal para os arquivos do muíño emisor e os dous restantes (orixinal e copia) entregaranse ó oleicultor, quen presentará o orixinal xunto á súa solicitude de axuda. Os certificados enumeraranse con díxitos numéricos de forma correlativa, empezando polo 1, nunha única listaxe.

5. Os muíños de aceite deberanlle comunicar ó órgano competente da comunidade autónoma e á Axencia para o Aceite de Oliva, antes do 15 de outubro de cada campaña de comercialización, a súa intención de continuar, na campaña seguinte, moendo olivas no réxime da axuda á produción de aceite de oliva.

#### Artigo 7. *Contabilidade de existencias dos muíños de aceite autorizados.*

1. A contabilidade de existencias a que se refire o parágrafo b) do artigo 14.1 deberá conter, polo menos, os datos que figuran no anexo V, podendo a comunidade autónoma establece-lo modelo e no que se reflectirá diariamente as cantidades de aceite saídas do muíño, lote por lote, indicando o destinatario e especificando se se trata dun produtor que se encontra no caso con-



templado no segundo punto do parágrafo c) do artigo 14.1.

2. O muíño de aceite terá á disposición das autoridades competentes e da Axencia para o Aceite de Oliva, debendo presentar por solicitude de calquera das devanditas autoridades ou organismo, a seguinte información:

a) Un detalle do aceite de oliva obtido desde o comezo da campaña por lotes de olivas recibidas e por produtor.

b) As anotacións automáticas do peso dos lotes de olivas recibidas.

c) Un rexistro das cantidades entregadas, desagregadas segundo os dous puntos do parágrafo c) do punto 1 do artigo 14 no que consten as referencias do destinatario do aceite.

d) En caso de venda do aceite ou dos bagazos de oliva obtidos, a factura de venda de cada lote e os documentos bancarios de pagamento do aceite.

e) En caso de que o muíño adquira aceite, a contabilidade separada deste aceite.

3. A determinación global da cantidade de bagazos de oliva contemplados no anexo V poderá efectuarse mediante pesada ou aplicando á cantidade de olivas trituradas un coeficiente que figure entre as especificacións técnicas do muíño de aceite ou, no seu defecto, os coeficientes indicativos seguintes:

a) 0,35 para as muíños de ciclo de produción tradicional.

b) 0,45 para os muíños de ciclo de produción continuo en tres fases.

c) 0,70 para os muíños de ciclo de produción continuo en dúas fases.

### CAPÍTULO III

#### Solicitud e concesión da axuda

##### Artigo 8. *Solicitud de axudas e anticipos.*

1. A solicitude de axuda e anticipo deberá conter como mínimo os datos que figuran no anexo VI, podendo a Comunidade Autónoma establece-lo modelo.

A solicitude de axuda e anticipo poderá ser presentada por cada oleicultor que teña unha declaración de cultivo en vigor figurando a cantidade de aceite certificada polo muíño de aceite e a cantidade de olivas entregadas a unha empresa de transformación de olivas de mesa, indicando as referencias das empresas en cuestión. Esta solicitude deberá ir acompañada polo certificado do muíño contemplado no artigo 6 e, se é o caso, polo certificado de industrialización de oliva de mesa.

2. Os oleicultores deberán presenta-la solicitude de axuda e anticipo antes do 1 de xullo de cada campaña:

a) Á Organización de Produtores Recoñecida (OPR), no caso dos oleicultores que pertencen a unha organización de produtores, e para a totalidade de superficie integrada na devandita organización.

b) Ás autoridades competentes no caso dos oleicultores que teñan oliveirais que non estean integrados nunha OPR.

Os oleicultores que posúan parcelas en distintas comunidades autónomas ou, se é o caso, as organizacións de produtores recoñecidas deberán presentar unha solicitude de axuda en cada comunidade autónoma polas parcelas situadas nelas.

Agás en caso de forza maior, debidamente acreditada, calquera solicitude presentada con atraso dará lugar a unha redución do 1 por 100 por día laborable do importe da axuda a que terían dereito os oleicultores en caso de presentación no prazo fixado. En caso de atraso supe-

rior a vinte e cinco días laborais, a solicitude non será admitida.

##### Artigo 9. *Aceite producido noutro Estado membro da Unión Europea.*

Cando a totalidade ou unha parte da produción de olivas dun oleicultor español se triture nun muíño de aceite ou se transforme nunha industria autorizada situada nun Estado membro diferente de España, a solicitude de axuda presentaráselle ó organismo competente do Estado membro en que se producise o aceite ou se transformase a oliva.

##### Artigo 10. *Correccións á cantidade de aceite e ó importe da axuda que se solicita.*

1. Nos casos contemplados nos puntos 2 e 3 do artigo 15 do Regulamento (CEE) 2261/84 nos que a cantidade para a cal se solicita a axuda non poida ser confirmada pola cantidade que certifique o muíño de aceite autorizado, a cantidade de aceite que poderá optar á axuda, procedente do muíño en cuestión, por cada un dos oleicultores de que se trate, será determinada pola comunidade autónoma tendo en conta principalmente os rendementos en olivas e en aceite fixados para as zonas homoxéneas de produción.

Nembargantes, sen prexuízo dos dereitos que os oleicultores en cuestión poidan ter fronte ó muíño de aceite a devandita cantidade non poderá superar nin a cantidade solicitada nin a cantidade que resulte de multiplicar-lo número de árbores do oleicultor polo rendimento medio da zona homoxénea en que estean situadas as oliveiras en cuestión e por un coeficiente que represente a relación entre a produción fixada por España como produción definitiva e a produción que resulte das estimacións dos rendementos e o número de oliveiras.

O número de árbores determinarase proporcionalmente á cantidade de aceite de que se trate en caso de que a axuda se solicite por aceite obtido en varios muíños de aceite.

2. En caso de que o número total de árbores indicado en cada declaración de cultivo que figuren nunha mesma solicitude de axuda sexa superior ó que figura na base gráfica do SIX Oleícola ou ó que resulte das comprobacións para o efecto segundo o establecido nos artigos 2 e 13 deste real decreto, a determinación da cantidade que poderá optar á axuda e, se é o caso, doutras sancións, realizarase en función da porcentaxe do exceso de árbores declaradas contemplado no punto 4 do artigo 28 do Regulamento (CE) 2366/98:

a) En caso de que a porcentaxe de excedente sexa inferior ou igual ó 55 por 100, a axuda concederase pola cantidade contemplada no parágrafo primeiro do punto 1 do artigo 14 do Regulamento (CE) 2366/98, á que se lle terá restado un importe corrector; este importe corrector será igual á citada cantidade multiplicada pola porcentaxe de excedente e por un coeficiente determinado segundo o seguinte baremo:

Porcentaxe de excedente	Coefficiente
Superior a 0 e inferior ou igual a 5 .....	0
Superior a 5 e inferior ou igual a 15 .....	0,005
Superior a 15 e inferior ou igual a 25 .....	0,0075
Superior a 25 e inferior ou igual a 35 .....	0,010
Superior a 35 e inferior ou igual a 45 .....	0,0125
Superior a 45 e inferior ou igual a 55 .....	0,015

b) En caso de que a porcentaxe de excedente sexa superior ó 55 por 100 e inferior ou igual ó 75 por 100, o oleicultor e as parcelas en cuestión non poderán acollerse ó réxime de axuda na campaña de que se trate;

c) En caso de que o coeficiente de excedente sexa superior ó 75 por 100, o oleicultor e as parcelas en cuestión non poderán acollerse ó réxime de axuda na campaña de que se trate nin na campaña seguinte.

3. Calquera cambio que efectúe o interesado na declaración de cultivo por non coincidir esta coa realidade, non implica a paralización das sancións previstas para o efecto na normativa comunitaria ou nacional.

4. A partir do 1 de novembro de 2003, as oliveiras e as superficies correspondentes a presenza das cales non estea certificada polo Sistema de Información Xeográfica Español (SIX Oleícola), establecido de conformidade co artigo 2 bis do Regulamento (CE) 1638/98, así como a súa produción de aceite de oliva, non poderán dar dereito a unha axuda á produción de aceite de oliva no marco da organización común de mercados no sector das materias graxas.

#### Artigo 11. *Pagamento da axuda e anticipo.*

1. A comunidade autónoma pagará o anticipo establecido no artigo 12 do Regulamento (CEE) 2261/84 a partir do 16 de outubro de cada campaña, a reserva dos resultados dos controis efectuados.

2. Para a concesión do anticipo e para a liquidación do importe total da axuda, as comunidades autónomas deberán comproba-la coincidencia dos datos da solicitude de axuda cos da declaración de cultivo e os do SIX Oleícola. No caso de resultar discrepantes os datos, non se procederá a efectua-lo pagamento ata que o oleicultor tramitase a debida corrección do SIX Oleícola, de acordo co procedemento previsto nas normas establecidas para a verificación e constitución do SIX Oleícola.

3. Adiarase o pagamento de, polo menos, o 25 por 100 do anticipo da axuda:

a) Do produtor que presentase unha solicitude de axuda por unha produción que:

1.º Sexa máis do dobre da cantidade que se obteña multiplicando o número de oliveiras declarado polo rendemento medio da zona homoxénea en que se encontre principalmente a explotación, e

2.º Proceda en máis dun 75 por 100 dunha zona homoxénea na que as solicitudes de axuda correspondan a unha produción total que supere en máis do 30 por 100 a cantidade que se obteña multiplicando o rendemento medio da zona polo número de oliveiras das explotacións que estean situadas principalmente nela;

b) Dos produtores cunha produción que proceda en máis dun 75 por 100 de muíños de aceite con respecto ós cales se presentase unha proposta de retirada da autorización por un período comprendido entre un e cinco anos.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, por pedimento das comunidades autónomas e antes do 15 de outubro de cada campaña, poderá adapta-los límites de exceso das cantidades resultantes dos rendementos medios indicados no parágrafo a) deste punto, dentro dunha marxe do 20 por 100 de máis ou de menos, considerando os rendementos da zona rexional.

4. A suspensión do pagamento do anticipo aplicase ata o 1 de abril seguinte ó final da campaña de que se trate, nos casos indicados no parágrafo a), ou ata que se tome unha decisión sobre as propostas a que se refire o parágrafo b) do punto anterior.

Non obstante, as comunidades autónomas poderán non suspender-lo pagamento do anticipo da axuda ou reduci-la duración da suspensión naqueles casos en que unha análise complementaria demostre que o nivel de rendemento que se desprende das declaracións do interesado ten unha explicación obxectiva.

5. A Comunidade Autónoma, unha vez realizados tódolos controis previstos para o efecto e a reserva dos seus resultados, pagará o saldo da axuda ós produtores nos noventa días seguintes á fixación por parte da Comisión Europea da produción efectiva da campaña de que se trate, así como do importe unitario da axuda á produción prevista no punto 2 do artigo 17 bis do Regulamento (CEE) 2261/84.

#### Artigo 12. *Organizacións de produtores e unións.*

1. As organizacións de produtores comprobarán a solicitude de axuda de cada un dos seus membros e contrastarán os seus datos coa declaración de cultivo de oliveiral e co certificado expedido polo muíño de aceite autorizado, todo iso segundo o previsto no artigo 8 do Regulamento (CEE) 2261/84. En todo caso, a solicitude de axuda deberá ser única por cada membro e polo total da produción obtida nas súas parcelas adscritas á organización.

2. As organizacións de produtores ou, se é o caso, as súas unións presentarán, unha vez ó mes, ante o órgano competente da comunidade autónoma correspondente ou, se é o caso, ante o órgano competente do Estado membro onde se producise o aceite, as solicitudes de axuda ou de anticipos presentadas durante o mes anterior, polos membros que finalizasen a súa produción de aceite e que, realizadas as verificacións previstas no punto anterior, resultasen de conformidade.

Estas solicitudes poderán presentarse en cada campaña, antes do 1 de agosto, con, polo menos, os datos do anexo VI, xuntando soporte informático que conteña os devanditos datos, xunto cun índice da documentación que presenta.

Nembargantes, o prazo previsto no parágrafo anterior prorrogarase ata o 14 de agosto de cada campaña para aquelas solicitudes de axuda que, en virtude do previsto no último parágrafo do punto 2 do artigo 8 deste real decreto, fosen presentadas con atraso polos oleicultores.

3. As organizacións de produtores remitiranlles ás comunidades autónomas o resultado dos controis realizados.

As unións terán á disposición das comunidades autónomas e da Axencia para o Aceite de Oliva os resultados dos controis que realicen para comprobar que as organizacións de produtores recoñecidas levaron a cabo as comprobacións que lles incumben. Se dos controis se advertise algunha irregularidade, comunicaranllo ó órgano que lles concedeu o recoñecemento e á Axencia para o Aceite de Oliva.

4. As unións ou, se é o caso, as organizacións de produtores transferirán o importe correspondente a cada un dos beneficiarios, no prazo máximo de quince días, contados a partir da data do aboamento na conta da unión ou da organización de produtores.

O número de membros das organizacións de produtores que deberá terse en conta para calcula-lo montante total que lle corresponde á unión será determinado conforme o disposto no artigo 21 do Regulamento (CE) 2366/98.

Se das operacións relativas ó importe das retencións con destino ás unións e organizacións de produtores resultaren saldos negativos, as contías contempladas serán reducidas proporcionalmente. Se os saldos foren positivos, estes distribuiranse consonte o disposto no artigo 21 do Regulamento (CE) 2366/98.

## CAPÍTULO IV

## Controis

Artigo 13. *Controis da axuda á produción.*

1. As comunidades autónomas realizarán, polo menos, os controis descritos nos artigos 28 e 29 do Regulamento (CE) 2366/98, polo que, antes do pagamento da axuda á produción de aceite de oliva, levarán a cabo as comprobacións seguintes:

a) A correspondencia entre a cantidade de aceite resultante da contabilidade de existencias dos muíños de aceite autorizados e a indicada nos certificados que se xuntan ás solicitudes de axuda.

b) A compatibilidade entre as producións de aceite e oliva declaradas por cada oleicultor na súa solicitude de axuda e os datos da súa declaración de cultivo.

c) A correspondencia entre os datos das declaracións de cultivo e os datos da base gráfica informatizada de referencia do SIX Oleícola.

d) Realizar contrastes de datos para determina-la existencia das parcelas declaradas e evitar que se conceda axuda por partida dobre en virtude do réxime de axudas á produción de aceite de oliva e olivas de mesa e dos demais réximes de axudas polos que se efectúen declaracións de superficie.

e) Verificar, mediante mostraxes, que as organizacións de produtores ás que recoñeceron realizaron os controis que lles incumben. No caso dos oleicultores non asociados, as comunidades autónomas realizarán, directamente, esta comprobación.

f) Comprobar se as unións de produtores recoñecidas realizaron as verificacións oportunas sobre os controis encomendados ás organizacións de produtores.

g) Nas rexións das comunidades autónomas nas que non finalizase a constitución do SIX Oleícola, as declaracións de cultivo serán sometidas a controis sobre o terreo nas porcentaxes que se establezan para o efecto na regulamentación comunitaria.

h) Con obxecto de comproba-lo cumprimento polos muíños de aceite, organizacións de produtores e as súas unións, das condicións esixidas e dos compromisos adquiridos con motivo da súa autorización e recoñecemento, as comunidades autónomas realizarán os controis precisos.

2. A Axencia para o Aceite de Oliva realizará, polo menos, os controis previstos no artigo 30 do Regulamento (CE) 2366/98, polo que para garanti-la correcta aplicación da normativa comunitaria no sector do aceite de oliva, de acordo co programa de actividades contemplado no punto 4 do artigo 1 do Regulamento (CEE) 2262/84, realizará o seguinte:

a) Comprobar que as actividades das organizacións de produtores e das súas unións da comunidade autónoma se ateen ó establecido no Regulamento (CEE) 2261/84.

b) Comprobar, respecto ás axudas concedidas, a exactitude dos datos que figuren nas declaracións de cultivo e nas solicitudes de axuda, mediante controis «in situ» e administrativos dunha porcentaxe representativa de oleicultores da comunidade autónoma.

c) Controla-las muíños de aceite e as industrias de transformación autorizadas. Para estes efectos, durante cada campaña e, en particular, durante o período de moenda e transformación das olivas, a Axencia para o Aceite de Oliva controlará sobre o terreo a actividade e a contabilidade de existencias dos muíños de aceite e industrias transformadoras autorizadas pola comunidade autónoma.

d) Recoller, comprobar e elaborar, a nivel nacional, os datos necesarios para fixa-los rendementos a que fai referencia o artigo 18 do Regulamento (CEE) 2261/84.

3. A verificación e comprobación dos datos que figuran nas declaracións de cultivo realizarase utilizando a información gráfica e alfanumérica xerada no SIX Oleícola e integrada no Ficheiro Oleícola Informatizado, coas excepcións que se deriven do proceso de elaboración de SIX Oleícola.

Artigo 14. *Controis dos muíños de aceite autorizados.*

1. No contexto do réxime de control establecido no artigo 14 do Regulamento (CEE) 2261/84, as autoridades competentes e a Axencia para o Aceite de Oliva, no ámbito das súas respectivas competencias, comprobaran o seguinte:

a) Mediante unha análise de mostrax, que os aceites en cuestión posúen as características contempladas no punto 1 do anexo do Regulamento 136/66/CEE, e que non están contaminados por substancias indesexables como, por exemplo, disolventes.

b) Que os muíños de aceite:

1.º Levan unha contabilidade de existencias, vinculada á contabilidade financeira segundo o modelo do anexo V, que inclúa, se é o caso, as referencias das análises efectuadas.

2.º Envían á Axencia para o Aceite de Oliva e ó órgano competente da comunidade autónoma un resumo mensual (anexo V.f e anexo V.g) dos devanditos datos antes do 10 do mes seguinte a que se refira, así como, se é o caso, que o remiten tamén por vía telemática.

3.º Xustifican ante o órgano competente da comunidade autónoma que utilizan un método de evacuación das augas usadas conforme a normativa vixente

c) Que as cantidades de aceite entregadas polos muíños de aceite autorizados cumpren coa regulamentación técnico-sanitaria en vigor e:

1.º Son vendidas con factura e anotación bancaria do pagamento.

2.º Ou ben, en caso de que non haxa venda, son entregadas contra un recibo no que consten como mínimo a cantidade de que se trate, as referencias e a sinatura do destinatario.

2. Para efectos de información e coordinación, no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación constituirase un rexistro nacional de muíños de aceite autorizados a partir dos correspondentes datos facilitados polas comunidades autónomas.

3. O muíño de aceite conservará durante as catro campañas oleícolas seguintes a aquela á que se refire o certificado, unha copia de cada un dos emitidos por el así como a relación individualizada dos lotes entregados polo oleicultor dos que se certifica o total.

Artigo 15. *Control ós destinatarios do aceite de muíño.*

Os operadores e as envasadoras, incluídos os muíños de aceite que realicen actividade de envasado por unha cantidade superior a 500 litros de aceite por ano, deberán:

a) Remitir á Axencia para o Aceite de Oliva, antes do día 15 do mes seguinte a que se refira, polo menos, os datos que figuran no anexo VII.

b) Ter á disposición dos organismos de control, durante o prazo de catro anos desde a data en que se realizaron as operacións, a documentación que xustifique que o aceite se puxo efectivamente no mercado.



## CAPÍTULO V

## Aspectos xerais

Artigo 16. *Ficheiro oleícola informatizado.*

Os ficheiros informáticos permanentes a que se refire o artigo 27 do Regulamento (CE) 2366/98 regularanse polo disposto na Orde do 11 de maio de 2001 sobre a estrutura e funcionamento do Ficheiro Oleícola Informatizado (FOI) español.

Artigo 17. *Subministración de información.*

1. Os organismos pagadores das comunidades autónomas remitiranlle ó Fondo Español de Garantía Agraria, como organismo de coordinación, a documentación necesaria para a transmisión dos datos requiridos pola Comisión Europea.

2. As autoridades competentes remitirán á Axencia para o Aceite de Oliva os datos para a fixación dos rendementos a que fai referencia o artigo 18 do Regulamento (CEE) 2261/84 e, antes do comezo de cada campaña oleícola, a relación de muíños de aceite que fosen autorizadas pola comunidade autónoma para a expedición dos certificados. Igualmente, tralas debidas comprobacións, subministraranlle á Axencia para o Aceite de Oliva, nun prazo de noventa días naturais contados a partir da súa presentación, cantos datos sexan precisos para o exercicio da súa competencia e, en particular e unicamente en soporte informático, a seguinte documentación:

- a) As declaracións de cultivo.
- b) As solicitudes de axuda e anticipos.
- c) Saldo das axudas correspondentes ós oleicultores.

3. Antes do 1 de decembro de cada ano tanto a Axencia para o Aceite de Oliva como as comunidades autónomas presentaranlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación un informe recapitulativo do número de controis efectuados na campaña anterior en virtude dos artigos 28, 29 e 30 do Regulamento (CE) 2366/98 do número de casos que necesitase unha modificación, así como os datos e, se é o caso, as cantidades correspondentes, as multas ou as sancións impostas ou que estean examinándose, así como unha breve avaliación do sistema de control establecido e das dificultades encontradas.

As comunidades autónomas comunicaranlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación as seguintes informacións dentro dos prazos que se especifican:

a) Antes do 5 de maio, e co fin de fixa-la produción efectiva, a cantidade de aceite á que se lle recoñece o dereito á axuda e as olivas destinadas á transformación en oliva de mesa (en equivalente de aceite) admitidas para o pagamento da axuda á produción correspondentes á campaña precedente; así como os coeficientes definitivos de transformación de cada industria de oliva de mesa.

b) Antes do 15 de xullo, as estimacións de oliva de mesa (en equivalente de aceite) producida na campaña en curso que se poidan acoller á axuda, así como os coeficientes de transformación provisionais.

c) Antes do 20 de agosto e para a campaña en curso, o número de solicitudes de axudas presentadas, desagregando as cantidades de aceite de oliva a que estas se refiran e as cantidades de oliva de mesa (en equivalente de aceite) que figure nelas.

4. A Axencia para o Aceite de Oliva comunicarlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, como

moi tarde o sétimo día do segundo mes seguinte ó mes de que se trate, a cantidade total de aceite de oliva producida desde o comezo da campaña, calculada sumando os datos dos resumos mensuais dos muíños de aceite.

Artigo 18. *Información ós axentes económicos.*

As administracións públicas adoptarán tódalas medidas necesarias para informar ós oleicultores, ós muíños de aceite e ós demais axentes económicos interesados das sancións previstas pola normativa comunitaria e especialmente no caso de que a declaración de cultivo ou a solicitude de axuda non se axusten á realidade.

Artigo 19. *Sistema de responsabilidade.*

1. O incumprimento polos muíños de aceite dos compromisos adquiridos con motivo da súa autorización, comportará a retirada da autorización.

2. As infraccións ó réxime de axudas á produción de aceite de oliva serán sancionadas de acordo co previsto na normativa vixente.

3. En todo caso, a autorización do muíño de aceite retirárase por un período comprendido entre unha e cinco campañas cando se observe que existen irregularidades que comportan unha alteración substancial das cantidades de olivas trituradas ou das cantidades de aceite obtidas, ou unha insuficiencia da contabilidade de existencias ou da súa comunicación.

Estas irregularidades produciranse, en particular, cando se produza algunha das circunstancias seguintes:

a) Unha diferenza que supoña un aumento de máis do 25 por 100 ou de 30 toneladas de aceite entre a suma das cantidades de aceite de oliva declaradas desde o comezo da campaña e as que correspondan:

- 1.º Á capacidade das instalacións.
- 2.º Á enerxía ou á man de obra utilizada.
- 3.º Ás cantidades de oliva recibidas e trituradas.
- 4.º Ás cantidades e, en caso necesario, á composición do bagazo de oliva obtido.
- 5.º O balance das existencias efectivas de olivas, de aceite e de bagazo de oliva.

b) A existencia de aceite que non reúna as características do conxunto de aceites virxes de oliva indicados no punto 1 do anexo do Regulamento 136/66/CEE, demostrada mediante unha análise de mostras.

c) Un atraso superior a vinte días do envío do resumo mensual correspondente ós meses de decembro a abril dunha mesma campaña de comercialización.

Nembargantes, o límite mínimo da diferenza a que se refire o parágrafo a) será de 50 toneladas no caso das muíños de aceite cunha capacidade superior a 5 toneladas por día de traballo de oito horas ou cunha capacidade anual superior a 500 toneladas.

4. As comunidades autónomas son competentes para incoar, tramitar e resolver os procedementos e aplicar as sancións a que se refire este artigo. Se a Axencia para o Aceite de Oliva detectase algunha irregularidade que deba ser sancionada pola comunidade autónoma, deberallo comunicar a esta nun prazo máximo de trinta días naturais.

5. O réxime de responsabilidade previsto no punto 2 do artigo 8 do Regulamento (CE) 1258/1999 do Consello, do 17 de maio, sobre financiamento da Política Agrícola Común, afectará ás diferentes administracións públicas en relación coas súas respectivas actuacións.

6. As organizacións de produtores recoñecidas deberán comproba-las solicitudes de axuda dos seus membros, constatando os seus datos cos das declaracións de cultivo e os certificados de muíños de aceite.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa singular.*

Derrógase o Real decreto 1972/1999, do 23 de decembro, polo que se regula o procedemento a seguir en caso de discordancias entre os datos das declaracións de cultivo de oliveiral e o rexistro oleícola ou o sistema de información xeográfica oleícola español.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro do artigo 149.1.13.ªda Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Extensión da vixencia da Orde do 21 de marzo de 2000.*

A Orde do 21 de marzo de 2000 pola que se dictan normas relativas ós movementos de bagazo de oliva, manterá a súa vixencia no que non se opoña ó establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento e aplicación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para dictar, no ámbito da súa competencia, as medidas precisas para o desenvolvemento e cumprimento deste real decreto e en particular para modifica-las datas de presentación dos documentos de modo coor-

dinado co que a normativa comunitaria estableza para o efecto e en particular para modifica-las datas establecidas no texto e os anexos en función das necesidades ou das variacións da normativa comunitaria.

Así mesmo, queda facultado para dispoñer-lo necesario para que o Comité Permanente para a Xestión e o Mantemento do Ficheiro Oleícola Informatizado e o Sistema de Información Xeográfica Oleícola Españois adecuen ó previsto neste real decreto a base gráfica do SIX Oleícola nos correspondentes territorios das comunidades autónomas e para a posta en marcha de modo plenamente operativo do Ficheiro Oleícola Informatizado.

Disposición derradeira cuarta. *Comunicacións.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación establecerá a oportuna coordinación e colaboración co fin de acordar coas comunidades autónomas as medidas oportunas que permitan as comunicacións necesarias para a correcta aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 22 de marzo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca  
e Alimentación,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE







### Anexo III

#### Modelo de solicitude de clasificación de muíño de aceite autorizado

Don/Dona....., con documento nacional de identidade número....., na súa calidade de..... do muíño de aceite legalmente establecido....., NIF..... sito en ..... , provincia..... rúa....., número.....

Solicita para esta industria a cualificación de muíño de aceite autorizado no marco de aplicación do réxime da axuda á produción do aceite de oliva contemplado na regulamentación comunitaria e, máis concretamente, nos regulamentos (CEE) nº 2261/84, do Consello, e (CE) nº 2366/98, da Comisión.

Achega en documento anexo tódalas informacións relativas ó equipamento técnico instalado ou que funcione no muíño de aceite, con indicación do tipo, marca, modelo e capacidade horaria de cada unidade e a súa capacidade real de moenda por xornada laboral de oito horas e **capacidade** de almacenamento (**total e individualizada de cada depósito**), de acordo cos datos contidos na ficha de inscrición no Rexistro de Industrias Agrarias.

Comprométese a:

Subministralle ó organismo competente tódalas informacións relativas ás modificacións que introduza na súa industria.

Someterse a calquera control previsto no marco de aplicación do réxime desta axuda e a aceptar no seu establecemento calquera medio de control que se considere oportuno e a permitir, se é o caso, o control da contabilidade financeira.

Levar unha contabilidade de existencias estandarizada e **vinculada á contabilidade financeira** que se axuste ós criterios e modelos que se determinen.

Expedirilles ós **produtores os certificados de entrada e moenda da oliva, así como da cantidade de aceite obtido.**

**Remitir, dentro dos prazos establecidos, os documentos esixidos referentes á contabilidade de existencias (resumos mensuais)**

En..... o... de... de 20...

Sinatura do/a solicitante



**ANEXO IV**

## Certificado de entrada e moenda de olivas en muíños

Número.....

(que ten que fixar o muíño)

Campaña .....

<b>DATOS DO MUÍÑO</b>	
Nome ou razón social .....	
Domicilio .....	
Muíño autorizado número .....	
DNI ou NIF	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

<b>DATOS DO OLEICULTOR</b>	
Nome ou razón social .....	
.....	
Domicilio .....	
Municipio .....	Provincia .....
DNI ou NIF	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

<b>MUNICIPIO</b>	<b>OLIVA ENTRADA E MOÍDA NO MUÍÑO kg</b>	<b>ACEITE OBTIDO, kg</b>	<b>RENDEMENTO MEDIO</b>
<b>TOTAIS</b>			

Certifico que os datos contidos neste documento son conformes coa realidade.

En, ....., o ..... de .....de 20....

O/A representante do muíño

Selo do muíño

Asinado,  
DNI:



**(REVERSO DO ANEXO V)****Recepción de oliva***Instruccións*

As entradas de oliva asentaranse lote a lote. Considérase como “lote” cada unha das entradas de oliva ó muíño; cada lote debe quedar amparado polo seu correspondente albará.

Os lote numeraranse por orde cronolóxica de recepción ó longo de toda a campaña.

En cada un dos lotes recibidos deberá figura-lo nome do oleicultor baixo o epígrafe correspondente.

Excepcionalmente, se entra oliva procedente de:

- a) Un centro de compra separado do muíño de aceite porase “centro de compra”
- b) Un operador alleo ó muíño de aceite, escribirase “operador”.
- c) Unha industria de aderezo, reflectirase “industria de aderezo”.

Nestes tres casos especiais, o muíño de aceite disporá dunha relación complementaria dos oleicultores que produciron a oliva, con indicación de nome e apelidos, ou razón social, documento nacional de identidade, número de identificación fiscal e cantidades entregadas por cada un deles. Nos últimos casos (operador, industria de aderezo) indicárase, ademais, o nome e apelidos ou razón social, documento nacional de indentidade, número de identificación fiscal e enderezo de quen fai a entrega.

- d) Produción dun país non pertencente á UE, reflectirase en contabilidade á parte.

Ó final de cada día totalizarase a oliva recibida, trasladando este dato ó recadro correspondente de resumo mensual







## ANEXO V

## Contabilidade de existencias

## d) Saída de produtos (bagazo producido)

Campaña ...../.....

Folla número .....

Muíño autorizado número .....

Nome ou razón social .....

Localidade .....

Provincia .....

BAGAZO DE OLIVA	
DATA	QUILOGRAMOS EXPEDIDOS
	DESTINATARIO (nome, razón social, enderezo e DNI ou NIF) .....
	.....
	.....
	.....
	.....
	.....
	.....
	.....
	.....
	.....
	.....
	.....
	.....
	.....
	.....
	.....

Instruccións: ó final de cada día totalizaranse, se é o caso, as cantidades de bagazo que saísen do muíño correspondente do resumo mensual





**ANEXO V**

**Contabilidade de existencias**

*f) Resumo mensual*

Mes de ..... Folla número .....

Muño autorizado número .....
Nome ou razón social .....
Localidade .....
Provincia .....
Teléfono .....
Fax .....

Movemento de aceite. Campaña .....

Clase de aceite	Existencias o 1 de novembro	Total campaña		Existencias ó final deste mes
		Entradas de aceite producido	Saídas	
Aceite de oliva virxe				
Turbios e borras .....				
<b>Totais .....</b>				

*Detalle saídas de aceite*

Ata o mes anterior Mes actual..... <b>Totais.....</b>	Envasadora propia	Outras entidades	Totais

Día	Olivas		Productos obtidos		Saída	
	Entrada	Moída	Acete	Bagazo	Acete	Bagazo
1						
2						
3						
4						
5						
6						
7						
8						
9						
10						
11						
12						
13						
14						
15						
16						
17						
18						
19						
20						
21						
22						
23						
24						
25						
26						
27						
28						
29						
30						
31						
Total mes						
Total campaña.....						
Total certificado na campaña						Nº certificados emitidos

## ANEXO V

## Contabilidade de existencias

g) *Resumo mensual de movementos do aceite adquirido ou en depósito*

Campaña ...../.....

Folla nº .....

Muño autorizado número .....

Nome ou razón social .....

Localidade .....

Provincia .....

Mes .....

Día	Entradas de aceite que se adquire (kg)	Saídas de aceite que foi adquirido (kg)	Existencias de aceite adquirido (kg)
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
11			
12			
13			
14			
15			
16			
1			
7			
18			
19			
20			
21			
22			
23			
24			
25			
26			
27			
28			
29			
30			
31			
<b>Total mes</b>			
<b>Total campaña</b>			

## Resumo de movementos de aceites adquiridos na campaña

Clases de aceites	Existencias o 1 de novembro	Total campaña		Existencias a final de mes
		Entradas	Saídas	
oliva virxe				

## ANEXO VI

## COMUNIDADE AUTÓNOMA DE

**SOLICITUDE DE AXUDA Á PRODUCCIÓN DE ACEITE DE OLIVA (OLEICULTOR) CAMPAÑA**

Oleicultor membro dunha O.P.R.   
(pór unha cruz onde proceda)

Oleicultor non membro dunha O.P.R.

Expediente número

(Espacio reservado para Rexistro)

DATOS DO OLEICULTOR (1)			
Apelidos e nome ou razón social		DNI ou CIF	
Domicilio		Teléfono	
Localidade	Municipio	Código	
Provincia		Código postal	

DATOS PARA O PAGAMENTO (2)			
Código da entidade bancaria .....	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Identificación da sucursal .....	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Díxitos de control .....	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Número de c.c. ou libreta .....	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

## DECLARO:

- a) Que non se produciron modificacións en relación coa campaña anterior nas declaracións de cultivo sinaladas embaixo cunha cruz.
- b) Que nesta campaña procedín á recollida de ..... kg de oliva nas parcelas declaradas nas “Declaracións de cultivo do oliveiral” que a continuación se expresan, con mención á súa provincia, termo municipal, número de declaración, oliveiras, así como cantidade de oliva obtida.

PROVINCIA	TERMO MUNICIPAL	NÚMERO DA DECLARACIÓN PROVINCIA MUNICIPIO DECLARACIÓN	(3)	NÚMERO DE OLIVEIRAS	OLIVA DE MUÍÑO (kg)	OLIVA DE MESA (kg)	OUTRAS (kg)	TOTAL OLIVA OBTIDA (kg)
TOTAIS								

- c) Que achego como documentos indispensables para a obtención da axuda os CERTIFICADOS DE MUÍÑOS e/ou INDUSTRIAS DE TRANSFORMACIÓN AUTORIZADAS (orixinas) que se reseñan a continuación:

MUÍÑOS AUTORIZADOS (Aceite de oliva)					CANTIDADE DE OLIVA (kg)	CANTIDADE DE ACEITE OBTIDO
NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL	NÚMERO DE AUTORIZACIÓN	Nº DE CERTIFICADO	LOCALIDADE	PROVINCIA		
TOTAIS						

INDUSTRIAS DE TRANSFORMACIÓN AUTORIZADAS (Oliva de mesa)					CANTIDADE DE OLIVA (kg)	CANTIDADE DE ACEITE EQUIVALENTE (5)
NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL	NÚMERO DE AUTORIZACIÓN	Nº DE CERTIFICADO (4)	LOCALIDADE	PROVINCIA		
TOTAL						

d) Que achego, ADEMAIS, factura de venda ou fotocopia compulsada para as cantidades de olivas seguintes: (cubrirano soamente os oleicultores que vendesen total ou parcialmente a súa produción de oliva)

DATOS DOS RECEPTORES DA OLIVA				
Nome e apelidos e razón social	Domicilio	DNI ou CIF	ACTIVIDADE (6)	CANTIDADE DE OLIVA (kg)
TOTAL				

**SOLICITO:**

Que, segundo o establecido no Real decreto ..... e na Regulamentación Comunitaria que declaro coñecer e á que expresamente me someto, se me conceda a correspondente axuda á produción de aceite de oliva e/ou oliva de mesa e o anticipo das mesmas

En \_\_\_\_\_ o \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

O SOLICITANTE.

IDENTIFICACIÓN DA ORGANIZACIÓN (7)	
Razón social .....	
C.I.F. ....	
Domicilio social	
Municipio .....	
Rúa ..... nº .....	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>
Provincia .....	<input type="text"/> <input type="text"/>

- (1) Estes datos deberán coincidir cos consignados da declaración de cultivo do oliveiral.
- (2) A codificación realizarase polo solicitante, que a solicitará da entidade bancaria
- (3) Marcar cunha cruz as declaracións de cultivo que non sufriron modificación con respecto á anterior campaña.
- (4) Certificado resumo de entregas do anexo V do Real decreto 2597/98.
- (5) A cubrir pola Administración.
- (6) Muíño, industria de transformación ou comprador.
- (7) A cubrir, se é o caso, pola organización de produtores recoñecida.

## COMUNIDADE AUTÓNOMA DE

AXUDA Á PRODUCCIÓN DE ACEITE DE OLIVA. (OPR) CAMPAÑA

IDENTIFICACIÓN DA UNIÓN	
Razón social .....	
Domicilio social ..... CIF .....	
Localidade .....	
Provincia .....	

IDENTIFICACIÓN DA ORGANIZACIÓN	
Razón social .....	
Domicilio social ..... CIF .....	
Localidade .....	
Provincia .....	

DATOS PARA O PAGAMENTO <sup>(1)</sup>	
Código da entidade bancaria .....	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>
Identificación da sucursal .....	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>
Díxitos de control .....	<input type="text"/> <input type="text"/>
Número de c.c. ou libreta .....	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

De conformidade co disposto no Real decreto ..... polo que se regula a axuda á produción de aceite de oliva, a continuación relaciónanse, debidamente ordenados, os oleicultores membros desta organización para os que se solicita a axuda e o anticipo correspondente:

BENEFICIARIO (2)	DATA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE	DECLARACIÓNS DE CULTIVO DO OLIVEIRAL			Nº DE OLIVEIRAS <sup>(3)</sup>	CERTIFICADO MUÍÑO		
		PROVINCIA	TERMO MUNICIPAL	NÚMERO DE DECLARACIÓN PROVINCIA MUNICIPIO DECLARACIÓN		Nº AUTORIZACIÓN	OLIVAS (kg) <sup>(4)</sup>	ACEITE (kg) <sup>(4)</sup>
<b>TOTAL</b>								

BENEFICIARIO (2)	DATA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE	DECLARACIÓNS DE CULTIVO DO OLIVEIRAL			Nº DE OLIVEIRAS <sup>(3)</sup>	CERTIFICADO DE INDUSTRIA DE TRANSFORMACIÓN	
		PROVINCIA	TERMO MUNICIPAL	NÚMERO DE DECLARACIÓN PROVINCIA MUNICIPIO DECLARACIÓN		Nº AUTORIZACIÓN	OLIVAS (kg) <sup>(4)</sup>
<b>TOTAL</b>							



CERTIFICO: Que os oleicultores relacionados, membros desta organización de produtores, presentaron as súas correspondentes solicitudes de axuda, e verificados os controis a que se refire o artigo 12.1 do Real decreto ....., foron encontradas conformes.

En ....., o .....de.....de.....  
Asdo.

---

<sup>(1)</sup> Cubrirase cos datos da unión ou, no seu defecto, cos da OPR

<sup>(2)</sup> Para cada beneficiario identificado cubriranse tantas liñas como declaracións de cultivo do oliveiral presentase

<sup>(3)</sup> Se o oleicultor tivese oliveirais nun termo municipal pertencente a máis dunha zona homoxénea desdobrarase a columna oliveirais separando e identificando os que pertencen a cada unha delas

<sup>(4)</sup> Cubrirase sen decimais

